

COMUNICADO Nº 073/23**20 DE ABRIL DE 2023****ACORDO PARA O DESENVOLVEMENTO DO NOVO PORTAL WEB DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO (FGA)**

A empresa galega **Visualpublinet** será a encargada de renovar a páxina web da **Federación Galega de Automobilismo**, logo da consulta e recepción de proxectos e presupostos con outras tres compañías máis do sector na nosa autonomía.

Logo dun proceso de análise de propostas das catro compañías e unha valoración profunda dos costes, Visualpublinet, con experiencia no mundo da comunicación dixital para grandes compañías galegas, comeza coa máis que necesaria renovación do portal federativo, que facilitará o acceso a toda a información aos federados e federadas e afeccionados e afeccionadas que a visiten.

O novo portal web da FGA (www.fga.es) contará cun deseño máis actualizado, novas funcionalidades e maior sinxeleza na navegación, tanto a nivel ordenador como en dispositivos móbiles.

Este novo proxecto é unha das medidas incorporadas ao programa electoral do novo presidente Antonio Rodríguez Troitiño xunto coa súa Xunta Directiva, que se une ao desenvolvemento dunhas redes sociais modernas e actualizadas para todos os afeccionados e afeccionadas e federados e federadas.

Ademáis, dende a Federación Galega de Automobilismo (FGA) solicitarase o denominado “Kit Dixital” para reducir sensiblemente o coste do desenvolvemento deste novo portal, que estará listo para todos nos vindeiros meses.